

Luz Pozo Garza. *Prometo a flor de loto*

Xosé María Álvarez Cáccamo

#### Formas de citación recomendadas

##### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

POZO GARZA, LUZ (2011 [1993]). “Luz Pozo Garza. *Prometo a flor de loto*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 174-176. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1296>>.

##### 2 | Por referencia á publicación orixinal

POZO GARZA, LUZ (1993). “Luz Pozo Garza. *Prometo a flor de loto*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 174-176.

\* Edición dispoñíbel desde o 19 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.





sempre desde a sutileza da nostalxia lírica, non a través do discurso plúmbeo de que fai gala certa poesía de condición “intelectual”) de outros sistemas semióticos: a lectura da natureza, a música, a liturxia da viaxe iniciática, a cerimonia do encontro sorprendente.

Desaparecido fisicamente un dos interlocutores daquel incesante diálogo, a falante lírica rememora as conversas que sustentaron o amor e comeza a interpretar os novos signos do emisor ausente, o léxico recén estreado dunha natureza que, en liñas de areas intocadas, anuncia o regreso do amante:

*En procura de ti  
xurdía a cegadora presenza da Lanzada  
en liñas sinuosas que se ofrecen intactas  
coma unha harpa  
que fire o corazón de emoción sideral.  
Mística.*

A poeta, receptora asombrada de novas mensaxes secretas, debe superar aínda a tristura que traen estes indicios de comunicación en ausencia:

*Soaban as palabras de amor e mais a morte.  
Non aprendín aínda a escoitalas sen pranto.*

O libro que vén de publicar é, ademais da mellor amostra do seu labor poético ata o momento, o primeiro paso desa aprendizaxe.